

UN NOVO CONTEXTO POLÍTICO PARA O NACIONALISMO GALEGO

APUNTAMENTOS SOBRE UN CONTEXTO INTERNACIONAL HÓSTIL

Temos analizado en diferentes procesos congresuais, tanto da UMG como da UPG, así como nas últimas Asembleas Nacionais de Galiza Nova e do BNG, as principais características da presente fase do capitalismo, as súas consecuencias e evoluir. A perda de soberanía real dos pobos, a concentración do capital, o agrandamento dos mercados, a crecente mobilidade dos procesos produtivos, a instrumentalización de organismos internacionais (OMC, FMI, etc.) ao servizo das trasnacionais, o emprego do mito da globalización para aniquilar culturas e identidades, a redución do protagonismo do conxunto da sociedade no proceso de toma de decisións, o control dos grandes medios de comunicación ao servizo da criminalización do pensamento discordante e imposición dun pensamento único, o aumento da militarización da política internacional, a paz e a seguridade como desculpa para a limitación de dereitos básicos, a submisión de grande parte da humanidade nunha lóxica que non lle permite satisfacer as necesidades biolóxicas máis elementais non só no terceiro mundo senón tamén nos países desenvolvidos, etc.

Todos estos elementos e outros, foron dabondo estudados e interpretados polo nacionalismo galego -e nomeadamente polo noso Partido-, tanto a nivel mundial como a súa concreción na UE, no Estado español e as súas consecuencias para Galiza. Esas análises seguen plenamente vixentes, polo que non vemos preciso caer nas presentes Teses en reiteracións innecesarias, mais coidamos recomendábel incidir nalgúns aspectos importantes de cara a interpretar o momento actual:

1) As análises feitas polo noso Partido, sobre cal é hoxe en día, **a principal contradicción á que se enfrenta Galiza e o conxunto do planeta segue vixente: a contradicción nacional**. Esta dialéctica é a que motiva a existencia de movementos de liberación nacional en todo o planeta, en loita contra o modelo imperialista, a favor da súa soberanía e construción dunha sociedade máis xusta. No actual marco mundial, o nacionalismo é movemento político realmente antitético ao sistema imperante e polo tanto o realmente preocupante e a combater polo mesmo con independencia das súas diferentes formulacións e particularidades nacionais.

2) A pesares de que vivemos nun mundo cada día máis unipolar, existen importantes posicións enfrontadas a este sistema: Venezuela, Cuba, Palestina, Iraque, etc. son algúns dos exemplos máis representativos. **Non se poden entender as principais loitas actuais contra o sistema imperante -con independencia das latitudes-, se non é enmarcadas na loita do nacionalismo**. Cobra, polo tanto, especial relevancia o concepto de soberanía, que como nacionalitas é algo a defender, non só cando falamos de Galiza ou doutras nacións sen estado senón, como un dereito de todas as nacións do planeta.

3) **Non podemos descontextualizar eses procesos**. Danse onde conflúen determinadas circunstancias. Os procesos endóxenos veñen condicionados por elementos esóxenos. A modo de exemplo: o que pasa no Iraque hoxe ven condicionado por múltiples factores (dos que evidentemente un dos principais foi a guerra e a posterior ocupación militar),

a situación de América Latina non se pode entender sen analizar –entre outras cousas- a política económica norteamericana previa na zona e as súas consecuencias. Non son procesos extrapolábeis de xeito mecánico, nen implican a nosa identificación absoluta coa política que definen.

4) É importante ter presente, as nosas propias análises sobre esta evolución do sistema capitalista e a súa actual contestación. Certamente, existen *pensadores* contemporáneos de fóra de Galiza, dos que se poden extraer algunhas interesantes consideracións do actual xeito de actuar do imperialismo e da organización económica-social da inmensa maioría de nacións do planeta. Mais esa non é –por norma xeral- a columna vertebral do noso corpus ideolóxico, sempre propio, xenuíno e partindo desde Galiza. Foi o esforzo de moitas e moitos camaradas o que permitiu a elaboración dun discurso propio, non dogmático e na actualidade non superado. Isto é algo que precisamos pór en valor, **fuxir dunha colonización tamén no plano ideolóxico, dos complexos e do desprezo ou minusvalorización do propio**. Sempre mantivemos a independencia de criterio ao servizo do país.

5) Neste contexto, o sistema combate, con todas as armas ao seu dispor, a loita do nacionalismo, e de toda aquela persoa ou colectivo que custione o status quo imperante, así como a propia autorganización da sociedade. **Forma parte desa estratexia a despolitización da sociedade, criminalización e desacreditación das estruturas de participación políticas**. Nalgunhas ocasións, incluso dun xeito indirecto; movementos actuais apelan á imaxinación, á creatividade das organizacións transformadoras. Atitudes coas que nós estamos plenamente dacordo. O problema é o transfondo que agochan en moitas ocasións esas reivindicacións. Xa coñecemos autodenominadas revolucións que se fixeron baixo a bandeira da imaxinación, creatividade e o apoliticismo, se ben o resultado práctico reforzou o modelo vixente, apesares de estar agochadas en moitas ocasións tras un certo radicalismo verbal. O sistema pódese permitir prescindir das organizacións políticas e sociais, nós non.

OS CAMBIOS A NÍVEL DE ESTADO. CONSECUENCIAS PARA GALIZA

Desde a celebración do último Congreso da Unión da Mocidade Galega (UMG), ten mudado substancialmente a situación política a nivel de estado. Sen entrar na análise do porque e como dese cambio, quixeramos subliñar algúns dos aspectos que poderían inducir a unha maior confusión:

1) A perda da maioría absoluta do Partido Popular nas Cortes do Estado, e a necesidade do PSOE de contar con apoios do nacionalismo, posibilitou un cambio con respecto aos anteriores gobernos do Partido Popular. **Asistimos á escenificación dun goberno español que que trata de enfatizar o contraste co aznarismo**: xestos de capacidade de diálogo, medidas de forte capacidade propagandística e outras entendíbeis en base a defensa de posicionamentos individuais.

2) Mais que isto sexa así, non quere dicir que a nosa visión histórica do PSOE fora errada ou que na actualidade mudaran os seus posicionamentos máis estruturais. **O**

PSOE non está a xogar outro papel estrutural diferente ao de etapas anteriores.

É imprescindible que á hora de analizar a situación actual na política a nivel de estado, partamos de que existe unha situación conxuntural na que non hai unha maioría absoluta por parte de ningún dos grandes partidos españois, e as posibilidades que iso lle dá ao nacionalismo. Precisamente por iso, non podemos perder de vista sobre que é precisamente o nacionalismo o motor dunha visión distintas cousas. Hoxe a forza alternativa no estado é o nacionalismo, con independencia das particularidades das diferentes forzas políticas que o representan e realidades nacionais.

3) Os partidos de turno, cando non acadan maiorías absolutas manteñen unha posición con respecto ás reivindicacións nacionais ben diferentes a se contan

cunha maioría: foi un goberno socialista o que iniciou a LOAPA e paralizou o proceso autonómico iniciado pola UCD ou pensemos no primeiro Aznar que define un modelo fiscal que filosoficamente similar ao pacto Zapatero-Mas. Na actualidade, tralo tratamento do denominado Plano Ibarretxe, a negociación do Estatut Catalán e as reformas estatutarias de diferentes Comunidade Autónomas,ponse de manifesto a aposta por mudar a configuración territorial do estado co fin último de que en esencia non mude nada. Trata o PSOE, de conseguir un segundo café para todos que afine nunha maior descentralización administrativa, pero non política e real -dependerá da capacidade que teña o nacionalismo para que isto non sexa así. Abógase por certa descentralización como punto final ao debate territorial no estado, pero sen asumir o carácter plurinacional do mesmo. Os partidos españois non están dispostos a abordar o fundamental deste debate: cal é o suxeito de dereito, institucionalizando o que é diferente e o que non é.

4) Existen algúns avances de carácter democrático, sobre todo no que se refire ao recoñecemento de dereitos formais, na maioría dos casos sen que se posibilite a súa concreción real, mentras que a política económica e laboral, é continuista e enmarcada no conxunto de políticas neoliberais europeas.

Vivimos na era da política xestual. O que se buscan son consignas de fondura discutíbel que sirvan de enganche para marcar perfís diferenciados. Todo isto posibilita a existencia dun certo confucionismo no que pode que determinados feitos puntuais resulten especialmente sensíbel á poboación xuvenil: percepción da existencia dun goberno *“de esquerdas”* e sensíbel á *“España plural”*. Máxime se se contrasta coas posicións máis reaccionarias e españolistas do Partido Popular.

5) Apesares dos atrancos, que o debate político pivote –con máis nitidez que nunca desde a transición- sobre a necesidade de replantexamento da configuración territorial do estado, sitúanos nun marco positivo para a explicación social dos nosos principais plantexamentos políticos, **sendo unha oportunidade excepcional de clarificación e concienciación nacional ademais dunha necesidade inaprazábel para modificar as nosas condicións materiais de existencia.**

6) Apesares dos avances que para o nacionalismo poida ter esta nova conxuntura non debemos minusvalorar os efectos da etapa inmediatamente anterior. Certamente non hai aznarismo gobernando, pero un cambio de goberno -e menos nun modelo de alternancia- non implica *“borrón e conta nova”*. **Queda o pouso de criminalización do nacionalismo.** Esa criminalización permitu que se introducira na subscociencia dunha

parte da sociedade o concepto de nacionalismo como sinónimo de insolidariedade, senón balcanización ou terrorismo. Resulta imprescindible seguir a combater esa demonización do nacionalismo da que parte da mocidade galega tamén foi permeábel.

7) En definitiva, **no noso traballo social coa mocidade debemos ter en conta a percepción positiva que ten xerado nos últimos tempos o PSOE e algunhas das súas medidas gubernamentais, de cara a formular as nosas alternativas e críticas de xeito ponderado e ben fundamentado sen caer na simplificación.** Así e todo son xa evidentes signos de involución na política estatal (relacións internacionais, relación co Vaticano, recorte drástico do Estatut saído do Parlament de Catalunya, ...) derivados da presión do PP e das fortes contradicións internas no PSOE. Debemos estar atentos a esta evolución, que o PSOE tentará contrarrestar con medidas sociais avanzadas (Lei de dependencia, Lei de Igualdade, ...) sen alterar a súa política económica neoliberal (reforma laboral...).

EVOLUCIÓN E POSICIÓN ACTUAL DO NACIONALISMO GALEGO

POR UN ESTATUTO DE NACIÓN PARA GALIZA

Nun terreo máis favorábel de cara a explicar socialmente a necesidade de que Galiza se dote dun marco xurídico propio que lle permita acadar cotas de autogobeno real. Neste sentido cabe salienta:

1) Non nos podemos permitir desaproveitar esta oportunidade con independencia das dificultades e atrancos obxectivos que atoparemos no camiño. **O proxecto de Estatuto de Nación do BNG é un grande instrumento táctico neste intre e ten un grande valor estratéxico como orientación de futuro para o nacionalismo galego.**

2) A pesares da actualidade política e mediática, é evidente que as reivindicacións recollidas no articulado da proposta de Novo Estatuto de Nación para Galiza do BNG non son novas. O nacionalismo galego na encrucillada da transición foi quen de enfrontar o debate, e plantexar unha proposta de Bases Constitucionais para a participación da nación galega nun pacto federativo co resto das nacións do estado. Nos últimos tempos, o proceso de desenvolvemento do actual marco estatutario, e tamén o de superación do mesmo, ven abalado por análises que o BNG recolleu en diferentes documentos con anterioridade. O BNG publicaba *"Galiza merece máis"* antes incluso do comezo dos traballos de redacción do denominado *Plano Ibarretxe e do Nou Estatut catalán*, no marco dun goberno de maioría absoluta de Aznar. Tratábase dunha importantísima proposta do nacionalismo galego, síntese do esforzo en concretar a teoría política do nacionalismo galego. Na mesma liña, mesmamente cando non se albiscaba a posibilidade de reformulación dun modelo territorial, foi quen de elaborar as bases da actual proposta de *Novo Estatuto de Nación par Galiza*, desde postulados claramente soberanistas. Formula unha proposta acorde co contexto xurídico-político, para dar claramente un salto cara adiante e avanzar cara a a consecución do recoñecemento do carácter plurinacional do estado. Este esforzo é paralelo a uha importante campaña

de axitación e difusión social do mesmo, que para nós é central.

3) Non son novos os argumentos daqueles, que diante dunha proposta conxuntural do nacionalismo para dar resposta a unha situación política e para colocar ao noso país dentro do que é a política do estado, sitúan esas propostas como unha renuncia. Posicións deste tipo non entenden **o dereito á autodeterminación como un proceso histórico dinámico, onde as oportunidades como esta hainas que aproveitar politicamente para elevar o nivel de conciencia nacional do noso pobo e conseguir avances prácticos e tanxíbeis.**

4) En Galiza, resulta absolutamente prioritario aproveitar o actual contexto político, para pasar á ofensiva tanto a nivel social como institucional, defendendo o articulado da nosa proposta de Estatuto de Nación establecendo unha dinámica propia galega baseada no **recoñecemento do carácter nacional de Galiza, no blindaxe dun marco competencial propio, a consecución dun sistema de financiamento baseado na autonomía fiscal plena e o recoñecemento dun status pleno para o galego como idioma propio.**

5) Precisamos non deixar este debate en exclusiva no seo de comisións parlamentares, senón saber trasladalo ao conxunto da sociedade galega. Precisamos aglutinar máis pobo trala reivindicación dun Estatuto de Nación para Galiza. Nesa transmisión ten que necesariamente xogar un papel fundamental a mocidade galega. **Debemos saber analizar as peculiaridades na transmisión desta mensaxe á poboación xuvenil e desde todas as estruturas do nacionalismo -nomeadamente a través do asociacionismo estudantil nacionalista e Galiza Nova ser capaces de artellar un importante traballo de sensibilización e complicidade da mocidade galega co obxectivo de dotar a Galiza cun marco normativo que nos permita decidir por nós mesmos. Temos que saber visulizar contradicións directas sobre a mocidade.**

6) **Cómpre sinalar que as institucións autonómicas, en mans de gobernos españoлисты, xogaron un papel que intensificou a situación colonial da Galiza, por iso a presenza por primeira vez do nacionalismo nun goberno galego, abre unha serie de expectativas e novas posibilidades reais de actuación, que pese ás dificultades obxectivas que existen,** sitúan nos nun cenario político moi diferente ao de hai tan só un ano, tamén a nivel xuvenil, máxime ao obsterar o BNG a responsabilidade en materia de política xuvenil da Xunta de Galiza.

7) **Temos que ter presente que o nacionalismo galego nunca interpretou o acceso ás institucións como un fin en si mesmo,** senón como unha ferramenta imprescindíbel no proceso de normalización política de Galiza, como un instrumento máis da nosa acción política.

8) A representación nas diferentes institucións é un instrumento fundamental da nosa acción política, máis é imprescindíbel a confluencia cun tecido social vivo artellado ao redor das posicións políticas do nacionalismo. **O proceso de autodeterminación de Galiza neste intre só é entendíbel baixo a premisa da necesaria combinación e**

complementación da acción social e de goberno. As mudanzas políticas estruturais na Galiza nunca van vir dadas pola acción exclusiva do goberno. Se non existe unha demanda social real por baixo que reforce esas accións, nunca se pasará dunha -mellor ou peor- xesión do status quo existente.

9) A Unión da Mocidade Galega debe impulsar un forte debate no conxunto do nacionalismo xuvenil sobre a necesidade de adaptar a práctica destas asociacións a este novo contexto. **Precisamos seguir afondando no inxente traballo que tantas e tantos compañeiros que previamente definiron un amplo e ben elaborado programa de alternativas concretas en materia xuvenil.** Agora temos o reto colectivo de amplialas e berificalas na practica na medida das posibilidades.

CONCLUSIÓNS

1) No marco actual dunha mundialización ultraliberal, o nacionalismo non só segue vixente, senón que apresenta unha actualidade e necesidade reforzadas ao atopármonos nunha fase cualitativamente superior do sistema político, social e económico que provocaron a nosa propia existencia e os peares sobre os que se asenta a mesma: autodeterminación, democracia, construción dunha sociedade máis xusta, pacifismo, e antiimperialismo.

2) Atopámonos nun contexto obxectivamente importante para o nacionalismo. O debate sobre a posíbel reconfiguración territorial do estado e consecución dun novo Estatuto para Galiza e as posibilidades de cambios reais desde o goberno galego. Este contexto é sumamente complexo. Non estará exento de contradicións e confusiónismo. Temos que estar preparadas/os para afrontalas e superalas con madurez. Debemos combatir por unha banda o infantilismo-ideoloxismo e por outra as posicións acomodaticias.

3) A UMG debe impulsar un fondo debate no seo do nacionalismo xuvenil de cara a estar á altura dos retos que nos presenta a posibilidade de deseñar as políticas xuvenís do Goberno Galego. A galeguización da política xuvenil (lingua, cultura, historia e xeografía), a participación e a transversalidade teñen que ser os eixos reitores da mesma.

PAPEL DA UMG NO MOVEMENTO XUVENIL NACIONALISTA

ACTUALIDADE E VIXENCIA DO PRINCIPIO DE AUTO-ORGANIZACIÓN DA MOCIDADE GALEGA

A conformación do nacionalismo galego contemporáneo -nas décadas finais da ditadura franquista- nace cun obxectivo e principio básico: a liberación nacional e social de Galiza, sendo a auto-organización do pobo galego un elemento fundamental. Auto-organización que debe reflectirse en todos os sectores e ámbitos sociais.

A UPG define desde os seus inicios a Galiza como unha nación colonizada. Non se trata

de reiterar o seu significado e implicacións a nivel económico, ideolóxico, cultural ou lingüístico. Mais si, resaltar que esta colonización provoca no noso pobo a tendencia a minusvalorar o propio e magnificar o que ven de fóra. Na inversión deste proceso xoga un papel fundamental a existencia de organizacións propias non alienadas no españolismo, que pensen no país desde nos mesmos, que pensen no mundo desde Galiza. Organizacións que sexan capaces de crear espazos de actuación e opinión que actúen a modo de revulsivo na sociedade galega. É dicir, que sexan un instrumento desalienador que cree referencias propias, convertíndose en elementos fundamentais á hora de incrementar o grao de conciencia nacional entre o pobo galego. Foi esta análise o sustento ideolóxico que levou ao o partido a impulsar organizacións nacionalistas a nivel político, sindical, agrario, cultural, ecoloxista, estudantil ou xuvenil. Permitindo hoxe a existencia dun amplo tecido de organizacións que actúa na nivel social e que explican en boa parte a influencia do nacionalismo na nosa nación.

A fundación formal da UMG o de Xullo de , é un paso máis neste proceso de autoorganización. Afirmo o noso partido, nos relatorios do seu primeiro congreso que a UMG “ao ofrecer unha alternativa galega, antiimperialista e comunista específica para a mocidade, terá un grande carácter emulativo para a nosa xuventude”. É un paso importante na articulación dun movemento xuvenil nacionalista, que co paso dos anos verificase como un grande acerto. A dinámica no noso país non sería entendíbel nin explicábel sen a aportación do nacionalismo e da UMG. **Sen lugar a dúbidas, e sen ningún afán exclusivista, os case trinta anos de existencia da Unión da Mocidade Galega, son no seu conxunto un contributo importante e fundamental.** Tanto no agromar das asociacións do nacionalismo xuvenil, como no mantemento dunha actuación constante a nivel da mocidade galega.

Cómpre pór en valor as contribucións da UMG ao asociacionismo xuvenil nacionalista. No fundamental poden resumirse nos seguintes aspectos: a) na **contribución a elaboración dun corpus teórico propio** que dotou ao nacionalismo dunha alternativa política para mocidade galega, e que aínda hoxe é marca do nacionalismo, con influencia na dinámica xuvenil xerada na Galiza; b) no impulso a existencia de organizacións xuvenís nacionalistas, que teñen sido e son a razón que explica que nestes anos Galiza tivera unha dinámica mobilizadora sen parangón a outras zonas do estado e en claves propias; c) no deseño e aperfeizoamento dunha práctica política que se axeite á realidade xuvenil, con grande capacidade de innovación e adaptación dos métodos de traballo; d) na importante contribución de cadros políticos ao nacionalismo, garantía de continuidade do proxecto nacionalista.

Non podemos mais que cualificar de atinado o proceso iniciado hai xa tantos anos e reafirmar a plena vixencia dos criterios utilizados durante estes anos. Cos erros e acertos inherentes a calquera proceso humano, a experiencia colectiva acumulada pola diferentes xeracións que mantiveron viva a UMG e as organizacións xuvenís nacionalistas, son un patrimonio que non podemos botar pola borda, nin desprezar. A historia do nacionalismo xuvenil dános conta de que **durante estes anos a UMG foi unha ferramenta útil para o avance do nacionalismo entre a mocidade.** Éis o seu valor fundamental e súa principal funcionalidade. Debemos pois recoñecer e poñer

en valor os éxitos colectivos da UMG, recollendo e aprendendo dos erros do pasado, usando a crítica como un mecanismo imprescindible para avanzar e mellorar, atinando nas posicións tácticas e métodos de actuación social que nos permitan incrementar a introdución social do nacionalismo entre a mocidade e non perdendo nunca o referente e razón de ser da nosa existencia: a liberación nacional e social do pobo galego.

REFORZAR AS ASOCIACIÓNS XUVENÍS NACIONALISTAS

Convén sinalar, mais unha vez, **a importancia estratéxica para o nacionalismo no seu conxunto, de contar con organizacións que actúen a nivel xuvenil**, contribuindo a crear conciencia nacional entre a mocidade e que supoñan un aporte continuo de xente nova. **Os anos de experiencia constatan a permeabilidade da mensaxe nacionalista entre a xuventude do noso país.** Se ben consideramos esta afirmación como certa, non nos deben ser alleos cambios operados na sociedade galega e que se viven de maneira intensa entre as xeracións máis novas. De maneira sintética significamos pola súa importancia os aspectos máis importantes deste proceso.

A ideoloxía do sistema promove actitude individualistas, competitivas e de apatía cara a participación, o compromiso e a política. Non podemos obviar o calado e penetración destes valores entre a mocidade galega, dificultando que os principios, valores e ideoloxía do nacionalismo teñan un maior acollemento entre a xuventude. Así mesmo, a dualidade de mensaxe que se transmite sobre o nacionalismo na nosa sociedade ten influencia negativa entre as xeracións moi novas.

A desgaleguización dun número cada vez máis importante de mozos e mozas é un dato preocupante. Un proceso complexo que ten entre as súas causas a falta de referentes sociais que reforen actitudes positivas cara o uso do galego con normalidade, a persistencia de estereotipos e prexuízos cara a nosa lingua, o incumprimento da lexislación en materia de normalización lingüística e a escasa presenza do galego nas actividades de ocio e lecer da mocidade.

O ensino en toda a súa extensión non só promove as actitudes e valores anteriormente citados, senón que actúa como un elemento negador da nosa historia e da nosa lingua. Ten un enorme valor ideolóxico que, xunto con outros medios de socialización, actúan na conformación dunha identidade e duns valores que negan a nosa existencia como pobo e promoven a españolaización.

A precarización do mundo do traballo, as enormes taxas de desemprego xuvenil e o fenómeno da emigración son elementos obxectivos que dificultan a participación. Reforzan as actitudes competitivas e individualistas e crean un horizonte vital para a mocidade de pesimismo e frustración.

Este contorno explica as dificultades obxectivas para o traballo político a nivel xuvenil. Non poden servirnos como escusa para a inactividade, ou para discursos negadores da potencialidade que hai neste ámbito. Mais si para facer unha análise atinada da situación dalgunhas asociacións xuvenís, que non se pode explicar sen ter en conta o contexto social e económico actual. As dificultades deben servir, en todo caso, para que

incrementemos os esforzos para acadar unha maior incidencia social, debatindo sobre os métodos de traballo e fuxindo das rutinas que se podan detectar nas organizacións, a fin de mellorar a introdución social das mesmas.

A UMG marcase como obxectivo para os vindeiros anos superar a febleza organizativa dalgunhas organizacións xuvenís, traballando todos e todas as súas militantes activamente para que estas incrementen notabelmente a súa afiliación, o seu activismo social e a súa capacidade de incidencia real. Neste proceso tomaremos como elementos fundamentais da nosa actuación, tanto individual como colectiva, os seguintes:

a) En todos os ámbitos de actuación debe existir sempre por parte da UMG, a preocupación por **fortalecer as organizacións en todos os seus chanzos**, garantindo a continuidade coa incorporación e formación de cadros dirixentes para o futuro e dando continuidade a unha liña de traballo que ten como referencia básica a defensa dos dereitos da mocidade galega, fuxindo de posicións ideolóxicas que non aportan nada construtivo nin positivo, e que limitan a nosa capacidade de actuación.

b) **Temos que ter preocupación e iniciativa por introducir debates políticos e ideolóxicos**. O contexto actual é dun grande confusionismo, sendo a mocidade moi permeábel a un discurso que combate o nacionalismo e a participación política en xeral. As contradicións deste momento, poden incrementarse ou facerse máis visíbeis, coa participación do nacionalismo no goberno galego, podendo ser caldo de cultivo importante de posicións ideolóxicas e esquerdistas. O debate e contraste de posicións, a análise rigorosa e científica do contexto político e social, son o mellor antídoto para poder racionalizar as mesmas. A UMG debe promover, tanto no seu seo, como nas organizacións nas que participamos, o debate político e ideolóxico, contribuíndo a que nacionalismo avance e que consigamos aglutinar máis mocidade.

c) A UMG e a UPG conciben como un todo o conxunto de organizacións do movemento nacionalista. Unha concepción necesaria para o avance do noso proxecto, que ten na unidade unha fortaleza fundamental. Debemos reforzar esta concepción e **combater a sectorialización da análises e evitar os compartimentos estancos**. Tense dado un proceso na UMG de especialización de camaradas en ámbitos sectoriais de traballo. Esta liña non é negativa, posto que é necesario para manter o activismo e vitalidade das organizacións, mais isto non pode derivar nunha participación parcial e nunha visión reducida do que é o nacionalismo. No contexto actual é máis necesario que nunca que todas e todos os camaradas participen activamente en todas as organizacións xuvenís, como garantía de unidade do nacionalismo como movemento político.

d) Debemos manter unha posición que **conxugue a defensa das nosas posicións coa firmeza precisa, con actitudes flexíbeis e que busquen o entendemento naqueles temas que non sexan fundamentais**, fuxindo de debates estériles que non teñan a ver coas cuestións fundamentais. Partindo sempre da necesidade de manter un discurso claramente nacionalista, mais actuando en claves pedagóxicas que fagan visíbeis as contradicións do momento actual e que sumen máis mocidade ao nacionalismo e a UMG.

PAPEL DA UMG EN GALIZA NOVA

Galiza Nova, como a organización política que pretende aglutinar ao conxunto da mocidade galega, ten unha importancia fundamental. Foi, ao longo dos anos a organización xuvenil que maior atención, esforzos e dedicación lle temos prestado desde a UMG. Hoxe segue plenamente vixente esta concepción, así como, a necesidade de que destinemos cadros políticos a esta organización, mantendo o grao de activismo e compromiso coa mesma, e que o conxunto das e dos camaradas participen sempre en Galiza Nova.

No contexto político actual é fundamental que nos vindeiros catro anos Galiza Nova dea un salto importante na súa presenza social, na súa actividade entre a mocidade e na súa militancia. A UMG debe ser un impulsora deste debate que ten como eixo central a necesidade de intensificar a presenza e incidencia social do nacionalismo xuvenil.

O XI Congreso da UMG, tivo como eixo central a necesidade de que o conxunto do nacionalismo xuvenil incrementara a súa **incidencia política práctica**. Definíamos e concretabamos a incidencia política práctica “como a capacidade das organizacións de mobilizar os seus recursos organizativos para desenvolver unha actividade social práctica que consiga progresivamente obxectivos –logros e avances sociais concretos- e que teña influencia sobre a mocidade”. Este obxectivo político é hoxe plenamente vixente. Os cambios que se deron na planificación de campañas e na introdución dunha metodoloxía de traballo en Galiza Nova acorde con este obxectivo non están consolidados na práctica do nacionalismo xuvenil. Mesmo podemos observar desde o último proceso asemblear certo retroceso na planificación, no cumprimento de obxectivos e na capacidade para determinar a dinámica xuvenil na nosa nación. A UMG debe cumprir un papel determinante neste ámbito, trasladando a Galiza Nova unha dinámica que permita incrementar a incidencia da organización na sociedade. Acertando na mensaxe política, marcándonos obxectivos concretos que sexan verificábeis e avaliando sempre o resultado dos memos.

No contexto político actual consideramos que **Galiza Nova debe manter o seu perfil reivindicativo**, evitando unha edulcoración como organización da mocidade nacionalista. É necesario que manteña posición propias (coas modulacións que sexan precisas) sobre aqueles temas que podan ter incidencia entre a mocidade. Sen embargo, non debemos entender isto como unha radicalización artificial e pouco funcional socialmente do discurso de Galiza Nova. Defendemos historicamente unha liña de actuación de coordinación coas posicións políticas do BNG, que ten sido fundamental no papel da organización xuvenil, que debe manterse tamén neste período, pois é fundamental que o discurso a nivel xuvenil non introduza máis contradicións das que o propio sistema provoca.

Debemos conxugar a faceta reivindicativa coa de popularización dos avances que poda significar a nosa presenza no Goberno Galego a nivel de dereitos da mocidade galega, sen que isto supoña convertirmos nun apéndice do Goberno. Galiza Nova ten que ter vida propia máis alá do Goberno. Tamén é necesario perfeccionar, mellorar e concretar as nosas alternativas programáticas a nivel xuvenil. **Galiza Nova debe servir**

de aporte e dinamización da nosa actuación no Goberno, preocupándonos por elaborar proxectos que redunden positivamente nas condicións de vida da mocidade galega. Asimesmo deben de regularizarse actuacións que nos permitan unha maior conexión co asociacionismo xuvenil que existe na Galiza, a súa articulación e o seu dimensionamento.

Con esta perspectiva marcámonos como obxectivo dar estabilidade e continuidade ás diferentes estruturas: nacionais, comarcais e locais. A nivel nacional é básico manter o grao de actividades e impulsar liñas de traballo comúns en toda nación. Consolidar estruturas nacionais áxiles, que manteñan unha regularidade no seu funcionamento e que sirvan para promover e coordinar a súa actuación no conxunto da nación. As estruturas comarcais e locais como elemento básico de participación e onde se concreta a actividade social, deben ser motivo de atención preferente. A UMG debe contribuír ao asentamento territorial de Galiza Nova e aspirar a darlle estabilidade e continuidade no tempo, sendo necesario que desde as asembleas de zonas analice a situación en cada comarca e se planifiquen actuacións concretas para posibilitar a existencia de Galiza Nova e darlle apoio e cobertura.

AS ORGANIZACIÓNS ESTUDANTÍS NACIONALISTAS E O PAPEL DA UMG

As análises que se facían en apartados anteriores sobre as mudanzas que ten sufrido a mocidade galega no último tempo teñen a súa especial repercusión no estudantado xa que é o ensino un dos espazos máis importantes onde a mocidade se socializa, interiorizando os valores do sistema. A situación do ensino no noso País, xa analizada anteriormente como elemento colonizador, tense acentuado progresivamente no último período con motivo das sucesivas reformas educativas, producíndose unha modificación tanto do modelo de sistema educativo como do modelo de estudante que produce, afectando polo tanto tamén ao tecido asociativo que nel actúa e á súa capacidade de incidencia política práctica.

A reforma da ESO co aumento da franxa de idade nos centros de secundaria que imposibilita a autoorganización e a mobilización, a introducción dunha nova concepción de ciclos formativos que diversifica a idade, necesidades e inquiredanzas do estudantado que accede a eles e a reestructuración progresiva da Universidade cunha maior carga lectiva e de traballo personalizado (reforma das titulacións, créditos ECTS...) e cunha regresión continua das cuestións que determinan as posibilidades de estudo (aumento das taxas, endurecemento das condicións para acceso a unha bolsa, encarecemento dos servizos...) entre outras cuestións, explican a diminución da implicación como noutras épocas, fóra do estrictamente académico e que non se tiveran dado procesos mobilizadores importantes que combulsionaran o ensino despois da aprobación da Lei Orgánica de Universidades. No referido a asociacionismo estudantil a situación de febleza e atomización que o caracterizaba tense agravado nos últimos anos deixando un panorama que evidencia a necesidade de invertir esta situación imprimindo un novo ritmo ao movemento estudantil nacionalista.

Son escasas as organizacións estudantís que existen cun funcionamento estábel e normalmente fano dende o terreo do poder fomentando prácticas supostamente

“apolíticas”, amarelistas e prosistema. Neste momento político onde o sistema ten lapidado moitas organizacións, as organizacións estudantis nacionalistas son quen de existir evidenciando o noso peso político, a permeabilidade do nacionalismo entre a xente moza e a idoneidade do noso traballo e do noso discurso político que nos teñen dotado de capacidade para poder actuar socialmente.

Mais sermos capaces de analizarmos esta importancia non agocha os problemas que presentan as organizacións e a vontade de iniciativa que UMG ten amosado impulsando os debates necesarios para a súa solución. Hoxe os CAF, como organización estudantil máis lonxeva do Estado, son referenciais polo mantemento da única estrutura sólida que pervive no tempo con capacidade de actuación. Feito que lonxe de responder á autocompracencia non é mais ca un logro colectivo do que especialmente forma parte a Unión da Mocidade Galega. Mais son precisas a corrección de determinadas eivas estruturais.

Por unha banda o mantemento da estrutura nacional coa consolidación da presenza en todos os campus ten que ser prioritario para posibilitar a homologación de estruturas, funcionamento e actividades reforzando o papel coordinador dos organismos nacionais, así como o reforzamento organizativo en base ao aumento cuantitativo e cualitativo dos Comités. Así mesmo, a nivel da nosa actuación social, o noso discurso e a nosa práctica política acaída ao nivel de conciencia nacional do estudantado, fuxindo de posicións ideoloxistas ou do estancamento organizativo en base á inercia ou a rutina, posibilitarían unha mellora e unha anovación metodolóxica que avanzara no número de membros da organización e na súa implicación a xeito non só de reforzamento organizativo senon de mellora da nosa incidencia política práctica. Parello a isto, tamén é importante que os procesos mobilizadores se vinculen a obxectivos claros que posibiliten acadar logros concretos, amosando de xeito práctico que con participación e organización é posíbel cambiar o estado actual do ensino.

Con respecto aos CAE as dificultades para o mantemento dunha estrutura orgánica, a discontinuidade no traballo e a atomización organizativa foron un elemento desestructurante.

A UMG ten reflexionado sobre esta situación de irregularidade e considera prioritario o afortalecemento da organización no ensino medio xa que cumpre un papel de contestación social e activismo do estudantado neste que normalmente é o primeiro contacto que se ten co proxecto nacionalista, facendo que ademais sexa garantía de continuidade e dunha progresiva formación no resto de organizacións do nacionalismo xuvenil.

Historicamente a UMG ten defendido a actuación dunha organización estudantil nacionalista no ensino medio, coa creación dos CAE, entre outras cuestións pola especificidade da problemática do estudantado neste sector, mais as dificultades para a introducción nos propios centros e para garantir unha actuación de xeito autónomo a nivel organizativo e con incidencia real son algunhas das cuestións que a UMG pretende combater impulsando o debate nas organizacións sobre a idoneidade da nova organización do estudantado galego.

Unha organización de carácter unitario, aberta e plural que catalice e aglutine toda a

capacidade mobilizadora que ten demostrado o estudantado galego no último tempo –LOU, LO(C)E, Nunca Mais- e que se volve imprescindible para imprimir outro dinamismo ao ensino e ao movemento estudantil no seu conxunto, recollendo a herdanza ideolóxica das organizacións estudantis nacionalistas dende o nacemento de ERGA, e garantindo a continuidade e a experiencia política, a nivel organizativo, en toda a etapa estudantil na loita por un ensino galego, público, democrático e de calidade.

A UMG é consciente do esforzo que suporá esta nova andaina do nacionalismo xuvenil galego e por iso impulsaremos, orientaremos e formaremos parte activa deste proceso sabendo que aporta unha solución á situación actual e que é froito da necesidade, da súa utilidade instrumental e do seu carácter vocacional de servizo ao País.

É por iso que todos/as militantes da UMG teñen a obriga de participar activamente das dúas organizacións estudantis e deste proceso, aportando análise teórico, capacidade de iniciativa política e de traballo, sabendo que o mellor contributo ao noso Partido é o fortalecemento das organizacións. A seriedade organizativa, a valorización da capacidade de actuación social e o aumento da incidencia política práctica baseada na interrelación co estudantado e na resposta contundente dende unha perspectiva nacionalista aos problemas que lles afectan, son o mellor contributo para que o proxecto nacionalista continúe dando os seus froitos no ensino e para que as organizacións estudantis nacionalistas sigan sendo referencia na defensa dun ensino galego, público, democrático e de calidade.

OUTROS ÁMBITOS DE ACTUACIÓN

A UMG non debe ser allea ou minusvalorar outros ámbitos de traballo que van máis alá do estritamente político ou estudantil. Debemos ser conscientes das posibilidades que existen para achegámonos a moita xente nova a través de organizacións culturais, ecoloxistas, xuvenís e de defensa da lingua. A experiencia demostra que son organizacións que, de non estaren alienadas nunha órbita españolista, son importantes na estruturación social do país e na creación de conciencia nacionalista. Esta consideración implica o compromiso de dedicar cadros políticos a estas tarefas, orientando o noso traballo á súa dinamización, expansión e coordinación.

As organizacións culturais xogan un papel básico á hora de coñecer sinais básicos da nosa identidade como pobo, é dicir, a nosa lingua, a nosa historia, as nosas tradicións ou a música galega. Constitúen un elemento importante á hora de elevar o grao de conciencia nacional e manter viva unha actividade cultural de base que de sempre temos defendido.

O ecoloxismo é unha peza importante na articulación do nacionalismo polo significado que ten a defensa da terra nun nación colonizada. A historia recente é unha boa mostra desta defensa. Nos últimos anos descoidamos a actuación neste ámbito, algo que na medida das nosas posibilidades debe ser rectificad, destinando persoas ao traballo de Adega.

A defensa da lingua é un elemento vertebral da nosa actuación. A UMG debe reforzar

e dar apoio a Mocidade pola Normalización Lingüística. Debemos procurar situar entre a mocidade a cuestión lingüística como un elemento central, intensificando o noso traballo neste ámbito.

O tecido asociativo xuvenil galego caracterízase pola súa fragmentación, febleza e desestruturación. Porén, existen un número considerábel de asociacións xuvenís que no seu ámbito de actuación realizan unha actividade constante e relevante do punto de vista xuvenil. A UMG debe propiciar o contacto con este tecido das organizacións do nacionalismo xuvenil, a súa articulación e mesmo, onde sexa posíbel, promover a creación de asociacións xuvenís.

ORGANIZACIÓN

Unión da Mocidade Galega, como a organización xuvenil nacionalista máis lonxeva da Galiza -con vintenove anos de historia- segue a ser a día de hoxe máis que necesaria.

O papel da UMG como canteira de militantes activos e comprometidos co proxecto político común do nacionalismo galego, é máis que fundamental para, por unha banda, orientar ás organizacións das que formamos parte cara un traballo acaído ao tempo no que vivimos e á mocidade á que vai dirixido, e por outra banda, a que este traballo teña unha mínima coordinación co resto das organizacións xuvenís nacionalistas.

Desde o momento histórico no que a UMG decidiu abandonar a actividade pública, para contribuir ao nacemento e afortalamiento das organizacións xuvenís nacionalistas de masas (Galiza Nova, CAF, CAE), o esforzo, o traballo e o compromiso da nosa militancia foi exemplar e básico para que estas organizacións chegaran a converterse en verdadeiros referentes para mocidade galega. Por iso, os militantes da Unión da Mocidade Galega de hoxe, debemos ser conscientes da importancia de seguirmos a ser ese exemplo militante para os mozos e as mozas deste País. Porque nestes momentos históricos, que vimos de analizar nos relatorios anteriores, o nacionalismo xuvenil ten que estar a altura das circunstancias, para que este novo contexto político o aproveitemos para facer mellor o traballo que nos toca, que non é outro que o de crear máis conciencia nacionalista entre a mocidade galega.

Por todo isto é importante lembrar e revisar os principios que rexen á militancia da nosa organización.

En tanto que mocidades da UPG, calquera mozo ou moza nacionalista, monolingüe e que comparta basicamente os principios do marxismo e do leninismo, o Programa e os Estatutos é susceptible de se integrar no Partido. Mais a militancia da UMG débese caracterizar por seren persoas activas, con criterio propio, con capacidade política e, sobre todo, cun labor político diario destacábel.

Dentro das organizacións xuvenís do nacionalismo, a militancia da UMG debe ser referente, tendo capacidade de diálogo e de gañar os debates, falar en público, ser pedagóxico, flexíbel, actuar con intelixencia e firmeza e sermos clarificadores con posturas hostís e belixerantes co nacionalismo. Ter unha actitude de debater e falar

sempre de cara a inclinar cara nós á militancia das organizacións de masas. A este respecto será fundamental na nosa militancia a preocupación por levar as reunións ben preparadas, con argumentos claros, rigorosos e pedagóxicos. Temos que ser conscientes da necesidade de defender, con intervencións nas asembleas, a posición da UMG. Para isto é fundamental a nosa asistencia as reunións das organizacións nas que temos centrado o noso traballo político diario, e que a nosa presenza nas mesmas sexa activa, isto é, á marxe do antes expresado, responsabilizarnos de traballo concreto e efectivizalo da mellor forma posíbel segundo os acordos tomados.

Os e as militantes da Unión da Mocidade Galega teñen a obriga de asistir ás reunións tanto da UMG como da UPG que serán prioritarias a calqueira outra actividade, debendo xustificar previamente a non asistencia. É aquí, nas asembleas da Unión da Mocidade Galega, onde temos que expresar con claridade o noso parecer á respecto dos temas a tratar de cara a solucionar as diferenzas de criterio entre camaradas e que a posición colectiva última saída da asemblea, sexa o máis acertada posíbel. Unha vez tomados os acordos debemos actuar con total unidade, preservando os acordos e actuacións da UMG en absoluta discreción.

Cómpre sinalar a importancia vital do exercicio da crítica e da autocrítica porque é un elemento tremendamente útil para o perfeccionamento do noso traballo e do noso discurso, polo que debe estar presente no noso traballo diario. A crítica (e tamén a autocrítica) debe ser practicada sempre dentro das estruturas partidarias; así mesmo, require ser construtiva e argumentada. En definitiva, a crítica é moito máis que un dereito, é un deber militante.

O reforzamento da camaradería que debe rexer as relacións entre os membros do partido, é básico para o bo funcionamento da nosa organización en todos os ámbitos.

Os e as militantes da UMG somos a peza clave que garante a continuidade no tempo do Partido, e o garante tamén do seu crecemento entre a mocidade. Somos a ferramenta para viabilizar e socializar os posicionamentos da UPG sobre as organizacións xuvenis nacionalistas. Para isto debemos ter constante preocupación pola nosa formación política tanto teórica: empapándonos dos clásicos do nacionalismo galego, dos principios políticos que nutren á UPG e do marxismo-leninismo como método de análise da realidade; como práctica, que só se consegue cun traballo político diario activo e responsábel.

Os militantes da UMG como membros que somos **da UPG** debemos ser parte activa dentro do noso partido sendo obrigatoria a nosa asistencia ás reunións da UPG. Debemos facer chegar aos nosos simpatizantes os posicionamentos do Partido sobre os temas que consideremos de interese.

Deberemos facer frecuentes, tanto a nivel nacional como a nivel zonal, contactos con dirixentes do noso Partido co obxectivo de clarificar á nosa militancia sobre temas de actualidade, así como, para reforzar a nosa formación contando coa súa experiencia política.

Para manter esta actitude de traballo e compromiso é fundamental ter sempre en conta que os debates e as decisións que teñen que guiar a nosa práctica política deben ser

tomadas nos organismos pertinentes para non caer nun funcionamento individual que acabe distorsionando o traballo colectivo. Por iso, ademáis deste Congreso, máximo órgano de decisión do que nos temos dotado, temos que ter claro cal é o papel de cada ún dos nosos organismos.

Entre Congresos, o **Comité Nacional** é o órgano superior da nosa organización polo que todos os seus compoñentes deben ser conscientes da importancia de non faltar as súas reunións, e ter nelas un comportamento activo e responsábel, participando nos debates, dando o seu propio parecer a respecto dos temas a tratar e con total asunción das decisións colectivas que deben primar sobre os posicionamentos particulares. Debe ser obxectivo neste novo período dotalo de máis debate para orientar a nosa acción política nas organizacións nas que traballamos, e de cara a analizar e preparar con tempo suficiente os principais retos e acontecementos con que se vaian a atopar as organizacións xuvenís nacionalistas.

É aquí, no Comité Nacional, onde deberemos esforzarnos maiormente para dotar ao nacionalismo xuvenil, dunha visión colectiva, dun traballo político práctico acaído a realidade do noso País e á realidade da mocidade galega, para non caermos en debates “estratosféricos”, e nunha práctica ideolóxica que non cale realmente na mocidade galega, facendo que o noso traballo non contribúa ao avance da concienciación nacional dos mozos e das mozas galegas.

A transmisión, por parte dos responsabeis de zona, dos acordos adoptados neste organismo, a todos/as os/as camaradas, debe ser o máis axil e clarificadora posíbel de cara a unha mellor comprensión e asunción das decisións, para mellorar así a nosa coordinación en todo o País.

Ao mesmo tempo o Comité nacional dótase dun organismo permanente, o **Secretariado Nacional**, que debe encargarse do seguimento e da execución dos acordos tomados neste, así como, de analizar e dar resposta aos acontecementos que se produzan no día a día. A súa composición debe ser o máis representativa posíbel, sectorialmente falando, e á súa vez, o máis reducida posíbel de cara a un funcionamento máis áxil e mantendo a visión global das cousas.

A **Secretaría Xeral**, ostenta a representación pública da UMG e é a máxima autoridade unipersoal no período que media entre os organismos nacionais. Correspóndelle a función de convocar os organismos nacionais, moderalos e levantar acta dos mesmos. É así mesmo o encargado de coordinar aos membros do CN e do SN e única voz autorizada para clarificar os acordos dos organismos nacionais.

A **Responsabilidade Nacional de Organización** será a que se encarregue dos movementos de afiliación e da xestión financeira. Xunto con estas, poderá desenvolver calquera outra responsabilidade acordada polos organismos nacionais.”

Será obxectivo da UMG neste novo período pular pola dinamización das **Comisións Sectoriais** de cara a implicar a máis camaradas na análise da situación de cada sector, para poder dotar ao Comité Nacional dunha mellor e máis completa información que

contribúa a axilizar e mellorar os debates e a calidade das decisións. A estas comisións sectoriais estarán convocados/as todos/as camaradas que traballan nese sector. O/A responsábel de cada sector será elixido polo Comité Nacional, e será o/a encargado/a de convocar as reunións da comisión e de dar conta dos debates e resolucións das mesmas ao Comité Nacional. As resolucións das Comisións Sectoriais servirán para contribuir aos debates que se produzan no Comité Nacional, nunca terán carácter de decisión en firme.

As **Asembleas de Zona**, son a base fundamental da nosa organización, debendo coordinar o traballo do nacionalismo xuvenil na zona e levando á práctica das organizacións a nivel comarcal, os acordos adoptados polos organismos nacionais. A asistencia as asembleas de zona é obrigatoria para todos e todas as camaradas, debendo, en caso de non poder asistir por causa xustificada, poñernos en contacto co/coa responsábel de zona con antelación para xustificar a nosa ausencia e posteriormente para informarnos dos acordos adoptados para evitar posteriores descoordinacións. É fundamental que nas asembleas de zona se analise a situación de cada unha das organizacións do nacionalismo xuvenil nas comarcas correspondentes á zona, de cara a garantir o mellor funcionamento posíbel das mesmas, tendo en conta que debe ser a nosa máxima preocupación. Aínda que puntualmente o número de militantes dunha zona sexa reducido, é fundamental manter a orde e a seriedade do funcionamento orgánico na zona, e dicir, entre outras cousas, convocar as reunións cunha orde do día, levantar actas, etc, cuestións sen as cais, é practicamente imposible comezar a camiñar na reactivación da zona.

Cada Asemblea de Zona elixe ao seu **Responsábel de Zona** para representalo no Comité Nacional e para coordinar o traballo da UMG na zona. Éste debe facer seguimento da implicación dos/das camaradas de cara a garantir o cumprimento dos acordos. É a persoa encargada de convocar as asembleas de zona e levantar acta das mesmas, así como, de transmitir información actualizada da situación da zona ao Comité Nacional. Debe tamén, transmitir e explicar aos camaradas da súa zona as decisións tomadas nos organismos nacionais.

É fundamental para o bo funcionamento da UMG na zona, que o Responsábel de Zona estea en contacto periódico co Responsábel de Zona do Partido, de cara a coordinar o traballo zonal.

As Zonas, de cara a mellorar a posta en práctica do traballo marcado, pularán pola convocatoria de **Reunións Comarcais**, é dicir, que os/as camaradas da mesma comarca formalicen reunións periódicas para analizar en común a situación da súa comarca e facer máis áxil o seguimento dos acordos tomados na Asemblea de Zona.

Unha das prioridades do traballo zonal, debe ser a preocupación pola **afiliación e expansión organizativa da Unión da Mocidade Galega**, tendo como un obxectivo importante conseguir ter presenza en todas as comarcas pertencentes á zona, para o que é fundamental sermos o referente ideolóxico e sobre todo práctico no noso campo de actuación. O responsábel de zona deberá dar conta ao Comité Nacional dun listado de simpatizantes e un obxectivo de afiliación do que se fará seguimento puntual. Debemos regularizar máis o contacto colectivo con simpatizantes de cara a explicar o

noso posicionamento a respeito dos temas de actualidade.

Os **actos de presentación** son fundamentais nas zonas de cara a explicar de primeira man os nosos principios ideolóxicos e o noso compromiso co País e coas organizacións de masas do nacionalismo. Facendonos desta forma con máis simpatizantes aos que manter informados através das nosas publicacións e garantindo así, o crecemento da nosa organización.

Ademáis de contar cun importante número de militantes, debémonos preocupar tamén, por ter uns e unhas militantes cunha boa formación política. É fundamental reforzar este traballo de carácter interno de cara a contar con cadros mellor preparados para traballar nas organizacións de masas.

Ésta **preocupación pola formación**, ademáis de ser unha preocupación particular de cada militante, debe ser unha preocupación do conxunto da organización, e nomeadamente do Comité Nacional, debendo neste período reforzar o traballo neste campo coa edición periódica dos **Cadernos de Formación**, que orientados en materias que o C.N. considere convintes, e que deben ofrecer unha exposición resumida do tema e unha serie de leituras recomendadas para afondar no mesmo. De cara a que logo nas zonas se complete este traballo organizando xornadas de debate coa presenza de dirixentes do noso Partido. En cada Zona deberán organizarse, como mínimo, dous **Seminarios de Formación** cada ano, debéndo facer seguimento disto, os organismos nacionais.

Ademáis disto, reforzaremos o traballo neste campo organizando, nos anos nos que non celebremos o noso Congreso, unhas **Xornadas Nacionais**. Éstas serán convocadas polo Comité Nacional que as centrará no tema que se considere oportuno en cada momento.

Outra das ferramentas que contribúen á nosa formación e, sobre todo, a facer proselitismo e a nosa publicación, o **Guieiro**. Temos que pular por garantir a periodicidade como mínimo anual do mesmo e, así mesmo, que en todas as zonas do País se fagan actos de presentación de cada número e que se distribúe entre a militancia xuvenil do nacionalismo.